CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 225. Novembro 2024. Distribución gratuíta

EMPRESA

O comercio e a veciñanza da vila amosan a súa solidariedade coas persoas afectadas pola DINA P3

COMARCA

Os Centros de Día de Sobrado e Toques terán 25 prazas P18

CULTURA

A Semana da Música ofrece diversas actuacións P21

ENTREVISTA

Antonio Méndez, Romero Zapaterías P23

Melide e Santiso recoñecen a gran labor deportiva do alumnado de Escola Ayude

Os Concello de Melide e Santiso, celebraron un acto conxunto para recoñecer a gran labor deportiva que o alumnado da Escola Ayude realiza no eido nacional e internacional en disciplinas como: esgrima, kickboxing e boxeo.

En total, foron 21 os deportistas e técnicos desta entidade que recibiron este recoñecemento e dende as Administracións locais destacaron o traballo de todos e todas elas que poñen o nome da comarca na cume do deporte galego. P13

"A labor deste Concello é impulsar as nosas raíces"

Neste número do Cerne entrevistamos a Mayka Basalo, concelleira de Cultura e Educación do Concello de Melide. Nesta conversa, Basalo fala da importancia de coidar e impulsar as nosas raíces. P14

"O galego, lingua esquecida nos nosos camposantos"

A melidá Soqui Cea presenta un estudo no que se pon de manifesto que a nosa lingua non se emprega nos cemiterios da vila. Neste traballo, Cea amosa todos os datos recollidos, reflexións e conclusións. P20

Tribuna de opinión

A saúde mental tamén entende de clases sociais

Unha man suxeitando un fotograma dun cerebro con conexións. / Foto: iStock

Dende hai un tempo a saúde mental colleu un grao de importancia na maioría da sociedade non visto ata o momento. Atrás quedaron os intres nos que se consideraba que ir ao psicólogo ou psicóloga era sinónimo de "estar tolo ou tola", está claro que neste eido se avanzou moito pero, é posible gozar dunha boa saúde mental na sociedade actual?

A pregunta lanzada é complexa e depende de diversos factores, algúns nos que non podemos influír como a xenética e outros nos que si, por exemplo, a situación socio-económica.

É viable non ter problemas de saúde mental cando cobras 1.134 euros ao mes, destinas a pagar o alugueiro practicamente a metade do teu soldo, máis sumarlle os gastos mínimos da vivenda (luz, auga, gas) e de comida? Se facemos estas contas unha persoa co salario mínimo pódese dicir que vive ao día, angustiada e preocupada pola posible aparición de calquera imprevisto que poida xurdir e rematar por racharlle a economía mensual. Nunha situación así é moi complexo non sentir síntomas como os da ansiedade ou depresión. A maiores, no caso de que unha persoa nestas condicións se poida pagar unha sesión cun psicólogo ou psicóloga parece unha ilusión óptica, digo pagar porque no Sistema Público de Saúde as listas de espera fanse eternas.

Podemos dicir que a saúde mental tamén é cuestión de clases sociais ou de situacións socio-económicas. Dise que vivimos nun país cun chamado Estado de Benestar, onde se procura a mellora da calidade de vida da súa cidadanía, pero parece que as medidas actuais despregadas polas diferentes Administracións públicas en temas como a vivenda quedan excesivamente escasas, especialmente para a poboación de menor poder adquisitivo.

Se a todas estas circunstancias lle engadimos a polarización e crispación existente na sociedade parece inviable coidar da nosa saúde mental.

Editorial

Na traxedia, as dúas caras da sociedade

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Un grupo de voluntarios e voluntarias na zona de Valencia. / Foto: RTVE

Os tráxicos sucesos acontecidos na zona do Levante o pasado 29 de outubro sacan, como é habitual neses casos, o mellor e o peor da humanidade.

Por unha banda, vemos a milleiros de voluntarios e voluntarias que acoden cada día ás zonas afectadas para axudar á veciñanza a limpar casas ou rúas, repartir alimentos ou buscar a persoas desaparecidas.

Pola outra banda, escoitamos como determinados seres humanos se aproveitan da terrible situación que están vivindo os seus semellantes e entran a roubar nas tendas que quedaron sen reixas, casas ou coches estragados pola forte riada.

Estes malos cidadáns non deben deixarnos ver o realmente importante para saír destas situacións que non é outra que xuntarse e solidarizarse coa parte da poboación afectada. Estes días son as veciñas e veciños de localidades como Alfafar, Benetússer, Algemesí, Paiporta ou Catarroja pero mañá podemos ser nós.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia e IES de Melide
AGRADECEMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- COLABORACIÓNS.....11
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23

O comercio local e a cidadanía de Melide amosan toda a súa solidariedade coa poboación afectada pola DINA

Imaxes das fachadas dos 3 establecementos de proximidade de Melide que son punto de recollida para a doazón de produtos para a poboación afectada pola DINA. / Fotos de aquivo

O comercio local a e cidadanía de Melide amosan toda a súa solidariedade coa poboación afectada pola DINA en España coa creación de varios puntos de recollida.

Algúns establecementos de proximidade como: Mis Mejores Labores, Xanela Ocio e Animación ou Miguel Floristas fixeron dos seus locais un punto de recollida de alimentos, roupa e outro tipo de artigos para enviar ás zonas máis afectadas polas riadas no Levante español. A resposta da veciñanza da comarca, como non podía ser doutro xeito, foi inmensa.

No caso de Mis Mejores Labores, a súa xerente, Marga Iglesias, enviou todos os produtos doados para unha persoa (moi ligada á vila) que vive preto da contorna afectada e encargouse de trasladar todos os paquetes á poboación afectada.

Logo, Xanela Ocio e Animación cedeu o seu local para que a Asociación de Mulleres Rurais de Melide (Alecrín) fixara alí o seu espazo de recollida de artigos doados, porén dada a gran cantidade de artigos recollidos xa non ten o local capacidade para seguir recollendo ditos produtos.

O último exemplo de solidariedade comercial é o de Miguel Floristas que tamén ofreceu o seu baixo como punto de doazón, dado que a través dun dos sistemas de reparto se ofreceron para trasladar os produtos doados dende Melide ata os lugares afectados.

A maiores, o Concello da vila recibiu da Federación Española de Municipios e Provincias a recomendación de non enviar alimentos, produtos e material especializado a estas zonas debido aos problemas de loxística e almacenamento existentes. Dada esta situación, "recomendan enviar axuda a través de doazóns económicas ás organizacións oficiais que traballan na contorna afectada".

Se hai persoas interesadas en axudar de xeito económico, ONGs como Cruz Vermella ou Cáritas Valencia teñen habilitados números de conta específicos para esta labor.

Dende a directiva de Asetem amosan o seu pesar polo sucedido e agradecen estas mostras de solidariedade por parte do comercio e a veciñanza.

Borboriño Xeados participa na EFA no Día da Muller Rural

Sandra Aldrey, Borbiño Xeados, e outras mulleres rurais. / Foto: EFA Piñeiral

A representante de Borboriño Xeados, Sandra Aldrey, participa na mesa redonda "A nova realidade da muller rural" como actividade para conmemorativa do Día Internacional da Muller Rural.

As participantes sinalaron que, a pesar das melloras necesarias a nivel de servizos, conciliación e incluso comunicacións, a decisión de apostar por traballar no rural paga a pena.

Tres bonos de 200 euros da campaña Merca no teu Comercio caen en Melide

Premiados e representantes de Asetem e da FGC no acto. / Foto: FG Comercio

Tres bonos de 200 euros da campaña Merca no teu Comercio, da provincia da Coruña, organizada pola Federación Galega de Comercio en colaboración coas Asociacións de Comerciantes como Asetem, caen na clientela do comercio de proximidade de Melide.

As persoas agraciadas no sorteo desta iniciativa, celebrado o pasado 22 de outubro, son: Yolanda Rial Vales cunha compra feita en Mercería Isabel, Diego Enjamio cun tícket de Grupo Noguerol e Pilar Bouza Rey cunha merca en Leivamostosport.

As gañadoras e o gañador poderán gastar os 200 euros nas tendas locais inscritas nesta campaña que son: Sakho, Óptica Alain Afflelou, Sportmoda, Mercería Isabel, Óptica Tábora, Grupo Noguerol e Leivamostosport.

Dende a directiva da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide queren agradecer á clientela e comercios adheridos a esta iniciativa a súa participación, dado que actividades coma o Merca no teu Comercio axudan a fidelizar a clientela dos establecementos de proximidade e premialos, así como dinamizar as compras.

A Asociación empresarial da Terra de Melide asiste á xornada *"O rosa máis que unha cor"* para visibilizar o cancro de mama

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide asiste á xornada titulada *"O rosa máis que unha cor"*, organizada pola Asociación Española Contra o Cancro con motivo do Día Mundial Contra o Cancro de Mama, o pasado 19 de outubro.

Neste acto houbo diversas mesas redondas nas que participaron investigadores, pacientes, profesionais sanitarios e representantes empresariais e institucionais para abordar as necesidades das persoas afectadas, a importancia da investigación para facer fronte a esta enfermidade, os avances conseguidos e as distintas formas de colaborar coa Asociación para contribuír á loita contra o cancro.

A encargada de conducir o acto foi a presentadora da TVG, Marta Darriba, e Ana Peinó, vicepresidenta da Xunta Local da Asociación en Santiago de Compostela, encargouse da inauguración.

A campaña deste ano desenvólvese baixo o lema *"O rosa é só rosa, pero contigo e apoio e investigación"*. Esta idea resalta a relevancia e o longo camiño a recorrer en investigación, apoio e acompañamento. Con esta iniciativa, a Asociación procura revelar a realidade que viven as pacientes e as superviventes para concienciar á sociedade sobre o que significa esta doenza.

Esta entidade asociativa realizou un estudo, titulado *"Necesidades e calidade de vida en superviventes do cancro de mama"*, no que participaron 1.293 mulleres. O documento indica que máis dun terzo das enquisadas recoñece ter mala calidade de vida por síntomas e problemas físicos, emocionais, sociais e económicos derivados da enfermidade e dos tratamentos. Ademais, 2 de cada 3 mulleres participantes aseguran sentir medo á recaída.

Pilar López, xerente de Asetem, xunto con outros participantes da xornada. / Foto: Asoc. Española Contra o Cancro

Segundo o Observatorio do Cancro da Asociación, no 2023 a provincia da Coruña foi a que obtido máis diagnósticos desta doenza, con 930. Non obstante, grazas á investigación, detección precoz e a prevención, a supervivencia destas pacientes sitúase nun 85,5%, un dos porcentaxes máis altos.

A Seguridade Social lanza unha nova páxina web para facilitar o acceso a información e trámites sobre pensións e prestacións

Captura da portada da nova páxina web da Seguridade Social, na que realizar trámites e consultas. / Foto: Cerne

A Seguridade Social lanza unha nova páxina web que incorpora todas as vías de acceso telemático para trámites, información e servizos sobre pensións e prestacións (no ámbito de acción do Instituto Nacional da Seguridade Social). Neste novo espazo en liña, a cidadanía poderá solicitar prestacións, acceder aos simuladores de xubilación e o Ingreso Mínimo Vital, consultar o estado das súas solicitudes, xestionar as súas citas, e comunicar ou realizar cambios nos seus datos persoais, entre outras cuestións, de xeito rápido e intuitivo.

O secretario de Estado da Seguridade Social e Pensións, Borja Suárez, fixo fincapé en que "é un paso máis na estratexia de poñer á cidadanía no centro, achegar os nosos servizos, facelos máis accesibles e fáciles, tanto á hora de localizalos como á hora de utilizalos".

Este novo portal en liña ofrece un buscador de servizos e trámites, ademais de accesos directos aos máis consultados e demandados, ordenados de maneira moi visual, cunha estrutura clara e unha linguaxe directa. A maiores, deseñouse para que se adapte perfectamente ao dispositivo dende o que se acceda, xa sexa un ordenador ou un teléfono móbil.

A navegación por estes servizos é máis sinxela e intuitiva, guiando ao usuario ou usuaria a través dun sistema de preguntas e respostas que o acompaña ata o servizo electrónico adecuado. Estes cuestionarios intelixentes pretenden orientar á persoa usuaria dun xeito personalizado e solicitarlle só a información precisa.

"A linguaxe que falamos neste novo portal é o da cidadanía, non o das Administracións Públicas. Un cambio de paradigma que xa vimos que dá moi bos resultados. A nova APP Importass acumula máis de 230.000 descargas", sinala Suárez.

Aberto o prazo de matrícula para cursos de Certificados de Profesionalidade da Agaca

Alumnado na aula como o dos certificados de profesionalidade. / Foto: iStock

Aberto o prazo de matrícula para cursos de Certificados de Profesionalidade en: actividades de xestión administrativa, confección e publicación de páxinas web e operacións de gravación e tratamento de datos, organizados todos eles pola Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias.

Melide acollerá as formacións de: actividades de xestión administrativa, do 25 de novembro ao 19 de agosto de 2025, e de operacións de gravación e tratamento de datos do 19 de novembro ao 1 de abril do próximo ano. O lugar no que se impartirán estas clases será o Centro de Formación Clun (Codeseira, 38).

Todos os cursos son gratuítos e presenciais, de luns a venres en horario de mañá.

As persoas interesadas en participar nestas formacións deben inscribirse na Oficina de Emprego de Melide. As candidatas e candidatos serán notificados por correo postal certificado sobre a data e o lugar onde se realizará a proba de acceso ao curso. O número de teléfono da Oficina de emprego da localidade é o: 881 86 61 26, e para solicitar máis información o número de contacto é o: 981 58 47 83. O prazo para anotarse finaliza o día 21 de novembro.

Os Bonos Activa Comercio esgotáronse en só 48 horas

Imaxe de promoción da iniciativa Bonos Activa Comercio. / Foto: Xunta

A segunda edición dos Bonos Activa Comercio 2024, organizado pola Administración Autonómica, esgotáronse en só 48 horas. A clientela fixo un uso rápido dos seus vales de desconto e acabou o presuposto de 2,5 millóns de euros destinados a esta iniciativa en 2 días.

A pesares do escaso tempo de circulación e funcionamento destes bonos, o récord das tres edicións, a clientela acudiu aos establecementos de proximidade do municipio, adheridos na actividade, para facer uso dos descontos nas súas compras.

Aberto o prazo para solicitar as axudas de préstamos para proxectos empresariais de inversión na provincia da Coruña

Unha empresaria facendo contas para inverter no seu negocio. / Foto: iStock

Aberto o prazo, ata o vindeiro 18 de novembro, para solicitar as axudas de préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de inversión, creadores de emprego na modalidade de pequenas e medianas empresas na Coruña.

Esta axuda consiste nun instrumento financiamento de préstamos directos con opción de obter unha subvención nunha mesma operación, de forma que estes préstamos, destinados a financiar inversións empresariais, poderán ser parcialmente reembolsables en función do cumprimento de determinados fitos de creación en canto a postos de traballo e en función de certas condicións de execución do proxecto, establecidas en canto á formalización do instrumento de financiamento do préstamo combinado cunha subvención nunha única operación: creación dun novo establecemento, ampliación de capacidade dun local existente (sempre que supoña unha modernización na tecnoloxía previamente usada), diversificación da produción dun lugar de traballo para a fabricación de produtos que antes non se producían no mesmo e o cambio fundamental no proceso global de produción do artigo afectado pola inversión no establecemento.

Non serán subvencionables os proxectos que unicamente supoñan a ampliación de capacidade nun xa existente, nin traslados por reorientación de actividades. Tampouco serán subvencionables os proxectos de inversión vinculados a un contrato de xestión de servizos públicos.

A persoa beneficiaria destas axudas deberá aportar unha contribución de financiamento mínima do 25% de todos os custes subvencionables pola mesma, ben a través dos seus propios recursos, ben mediante financiamento externo exento de calquera tipo de axuda pública.

As pequenas e medianas empresas poderán ser persoas físicas ou xurídicas (e incluso as agrupacións sociedades civís e calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo da súa personalidade xurídica) e cumpran os seguintes requisitos: realicen ou teñan previsto realizar unha iniciativa empresarial nun centro de traballo na provincia da Coruña e o proxecto de inversión teña unha inversión subvencionable mínima de 60.000 euros, así como que supoña a creación neta de emprego no centro de traballo.

O presuposto desta axuda de préstamos parcialmente reembolsables, da Xunta de Galicia, é de 10.023.069 euros.

Continúa a lixeira suba do paro na comarca no mes de outubro

O mes de outubro continúa coa lixeira suba do paro que arrincaba o pasado setembro coa fin da temporada de verán. Nos últimos 31 días, na comarca da Terra de Melide incrementouse o paro en 7 persoas. Ao separar por concellos queda do seguinte xeito: Melide +3 (253), Santiso +4 (37), Sobrado +2 (39) e Toques, a única zona da contorna con cifras positivas, resta 2 persoas desempregadas (22).

Se comparamos estes datos con outubro do 2023 vemos que as cifras amosan certo lado optimista. A comarca en xeral, e en 4 dos 3 municipios de xeito particular, tiña máis xente no paro no mesmo mes do ano pasado. No cómputo xeral a contorna tiña 414, é dicir, 63 persoas máis que na actualidade (351). Melide, contaba en outubro de 2023 con 295 parados, 42 persoas de diferenza. Seguimos por Santiso que hai un ano tiña 50 desempregados e desempregadas, 13 a maiores. No caso de Sobrado mantense a cifra nos 39. E, por último, en Toques había 8 persoas paradas máis o ano pasado por estas datas. Son as cifras de paro máis baixas dende hai, polo menos, 8 anos. De feito, no caso autonómico é a cifra de persoas desempregadas máis baixa nun mes de outubro de toda a serie histórica e a máis alta de afiliacións á Seguridade Social nese período dende 2005, segundo indican os datos da Xunta de Galicia.

Ollando os datos por sexo e idade, unha vez máis as peor paradas son as mulleres e desta volta as menores de 25 anos que supoñen na comarca da Terra de Melide máis do 50% de persoas sen traballo en outubro. Por sectores o máis castigado, debido especialmente á finalización dos contratos de persoal de apoio, é o dos servizos (hostalería, comercio, ocio).

A Oficina de Emprego, situada na Rúa Eduardo Álvarez Carballido, no municipio de Melide. / Foto de arquivo

Dando unha volta polas comarcas limítrofes atopamos cifras diversas. No eido da contorna de Arzúa, o paro colócase nas 411 persoas (+12). Na Ulloa póñense os números positivos, con 250 (-3). E, por último, no Deza, a comarca máis poboada da zona, conta en outubro con 1.407 parados e paradas, o que supón un incremento de 19 persoas que quedaron sen traballo.

No eido autonómico o sector que máis empurrou polo emprego en outubro foi a construción (-11,98%), seguido de preto do primario (-11,54%). A este nivel tamén diminuíron as persoas paradas menores de 30 anos, as mulleres e as persoas paradas de longa duración.

PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

NUEVA
UBICACIÓN

tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199 634950412

O Hotel Carlos 96 é un dos establecementos beneficiados polas axudas para actuacións de eficiencia enerxética

Os responsables do Hotel Carlos 96 coa delegada territorial da Xunta e representantes do PP de Melide. / Foto: X.Galicia

A delegada da Xunta, Belén do Campo, visitou o Hotel Carlos 96, un dos 5 establecementos beneficiados, o ano pasado na contorna de Santiago, polas axudas para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas. En total, estes 5 negocios recibiron máis de 410.000 euros para actuacións que mobilizaron máis de 1,6 millóns de euros. En concreto, o Hotel Carlos 96 recibiu unha achega de máis de 76.000 euros para realizar obras por un importe de máis de 119.000 euros para realizar a instalación da envolvente térmica do edificio e para a renovación das fachadas norte, sur e este.

O Hotel Carlos 96, negocio asociado á Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide é un referente dos sector turístico e hostaleiro na comarca que co traballo realizado, coa axuda desta liña económica, é moito máis eficiente do ámbito enerxético.

Ademais, Belén do Campo aproveitou a visita para lembrar que o prazo para enviar as solicitudes para as axudas de eficiencia enerxética, incluídas dentro do Plan de modernización e competitividade no sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado con fondos Next Generation, polo que animou aos responsables deste tipo de establecementos a aproveitar esta oportunidade. O prazo de solicitude remata o 14 de novembro.

A orde de axudas para a mellora da eficiencia enerxética en empresas turísticas está dotada cun investimento de 10 millóns de euros con carácter plurianual. Como novidade desta convocatoria, ábrese aos establecementos de restauración, non só de aloxamento como ata o momento; sufrágase a rehabilitación enerxética de todo o edificio ou dunha parte; non se pide antigüidade mínima nos edificios a rehabilitar e non hai unha esixencia mínima de aforro enerxético, entre outras.

Como norma xeral, a axuda será de ata o 70% do custo total subvencionable do proxecto, aínda que poderá chegar ao 80 ou 90% e no caso no que se acrediten aforros de enerxía primaria non renovable dun 20 ou 30%.

Entre as actuacións subvencionables, desta liña de apoio económico, inclúese a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica, das instalacións térmicas, a colocación de paneis fotovoltaicos para autoconsumo, a renovación da iluminación e dos electrodomésticos e a instalación de sistemas de automatización e control da enerxía. Os investimentos deberán executarse por parte das empresas antes de abril do vindeiro ano.

A delegada do Goberno autonómico, Belén do Campo, fixo fincapé en que "con esta convocatoria a Xunta de Galicia busca a modernización e mellora da competitividade do sector turístico galego e dá continuidade á liña de axudas lanzadas o ano pasado por 7 millóns de euros".

A 2ª edición da iniciativa Merca no teu Comercio en marcha ata o mércores 20

O cartel da 2ª edición da iniciativa Merca no teu Comercio. / Foto: Cerne

A 2ª edición da iniciativa Merca no teu Comercio en marcha ata o vindeiro mércores 20 de novembro.

Esta campaña de dinamización, organizada pola Federación Galega de Comercio coa colaboración das Asociacións empresariais e de comercios locais, repartirá 11.000 euros entre a clientela que rexistre os tíckets do día 1 ao 20. A páxina web na que se teñen que rexistrar as compras é: mercanoteucomerciocorunaoutono.com, onde se debe indicar o establecemento no que se realizou dita compra.

Os premios repártense en 50 bonos de 200 euros cada un para premiar a toda a clientela que confía e merca nas tendas de proximidade. Os gañadores ou gañadoras dos bonos poderán gastalos nos comercios locais.

A repostaría tradicional no Salón Gastronómico Xantar

Alberto Rodríguez no Salón Gastronómico Xantar. / Foto: MercaenMelide

A repostaría tradicional de Melide presente, da man de Alberto Rodríguez (presidente da Asociación Melide Terra Doce e xerente da Pastelería Estilo), no Salón Gastronómico Xantar.

Dentro do espazo da Deputación da Coruña, os melindres, ricos e amendoados tiveron o seu protagonismo ante os centos de visitantes deste evento internacional gastronómico.

MERCA
NO TEU
COMERCIO
EDICIÓN OUTONO
PROVINCIA DE
A CORUÑA
mercanoteucomerciocorunaoutono.com
DO 1
AO 20
NOVEMBRO
29 novembro
en Santiago
GALA ENTREGA DE PREMIOS
+1.000€
PARA GASTAR NUNHA XORNADA DE COMPRAS
A SORTEAR
EN DIRECTO
ENTRE OS ASISTENTES
11.000€
50 BONOS DE 200€
XUNTA DE GALICIA
FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO
FEDERACIÓN DE COMERCIO CORUÑA
Colaboran
ABANCA
femxa

Asetem prepara a campaña Este Nadal toca en Melide

Un dos comercios asociados á Asociación co cartel do Nadal. / Foto de arquivo

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide prepara a nova edición da iniciativa Este Nadal toca en Melide, a súa actividade de dinamización comercial máis antiga.

Para animar as compras dende a Asociación sortearanse diversos premios para volver gastar no comercio local.

Os asociados e asociadas interesadas en participar nesta iniciativa de Nadal deben chamar ao 981 50 61 88 ou pasar pola sede da Asociación.

O Concurso de Escaparates de Nadal convida a decorar os establecementos



Carnicería Cardelle un dos gañadores da pasada edición. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide convoca unha nova edición do Concurso de Escaparates, un certame consolidado que convida aos comercios do municipio a colaborar coa decoración de Nadal enfeitando o seus propios escaparates con motivos alusivos a estas festas. Con este obxectivo, a Administración local xa se dirixiu ao conxunto de comercios e de hostalería a través dunha misiva do concello, anima á participación e onde se lle achega a cada establecemento as bases do certame.

Os escaparates deberán permanecer decorados polo menos entre os días 6 de decembro de 2024 e 7 de xaneiro de 2025. O concurso repartirá 3 premios: o primeiro cun valor de 1.000 euros, o segundo de 500 euros e o terceiro de 250 euros. Para participar, os establecementos interesados poderán enviar un correo electrónico a comercio@concellodemelide.gal con data límite do 5 de decembro.

A decoración deberá gardar relación con motivos natalicios e valorarase a súa orixinalidade, estética, creatividade e montaxe. A maiores, se hai texto debe ir en galego.

Para decidir os escaparates gañadores haberá un xurado designado dende a concellería de Comercio que valorará a decoración das tendas. Dito xurado fará pública a súa decisión nun acto que terá lugar o martes 8 de xaneiro no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA CÓNTACHE...”

latexo logopedia

Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

O ICTUS

O pasado 29 de outubro celebrouse o día mundial do ictus.

O ictus, tamén chamado ACVA (Accidente Cerebro Vascular Audo) ou comunmente coñecido tamén como derrame cerebral, correspóndese cunha alteración no fluxo de sangue dunha determinada parte do cerebro. O fluxo pode interrumpirse ou reducirse, privando ao tecido cerebral de osíxeno e outros nutrientes.

Existen determinados factores de risco como o sedentarismo ou a obesidade que predispoñen cara a que ocorra un ictus. A hipercolesterolemia, a hipertensión arterial, a diabetes, ou enfermidades cardíacas son outras das patoloxías que poderían desencadealo. Outro tipo de hábitos como o tabaco, o alcohol ou o consumo doutras drogas tamén o poden desencadear e debemos ter claro que o estrés, na medida en que modifica moitos parámetros do noso corpo, tamén se considera de risco para desencadear un ictus.

Como consecuencia dun ictus, a persoa terá un dano a nivel cerebral que afectará diferentes funcións, segundo a área cerebral na que ocorra. Desta maneira, a persoa poderá presentar alteracións para a deglutición, para a fala, para a comprensión da linguaxe oral, para a lectura, a escritura ou para as funcións superiores como atención, memoria, planificación ou razoamento.

Todas estas afectacións precisarán de terapia intensiva para poder eliminar ou minimizar as posibles secuelas. A logopeda será a encargada de avaliar as alteracións resultantes dese dano cerebral e de traballar sobre elas. Ademais, o traballo multidisciplinar será moi importante posto que aparte de todas as alteracións enumeradas, a/o paciente terá, probablemente, alteracións na marcha, alteracións para as actividades da vida diaria e incluso para capacidades que precisen de traballo específico para control tamén emocional. Fisioterapia, terapia ocupacional e neuropsicoloxía serán as outras profesionais que precisarán traballar con persoas afectadas por un ictus.

A terapia, para ter unha maior porcentaxe de éxito debería facerse canto antes, atallando as dificultades para que non se instauren secuelas que poidan chegar a ser irreversibles. Certo é que se conseguen resultados con persoas que sufriron o ictus incluso 2-3 anos antes, a realidade é que dentro dos primeiros seis meses, ou dentro do primeiro ano, será cando se vexa unha maior taxa de recuperación.

Esta é a teoría, posto que na práctica, salvo que a familia se poida permitir facer fronte a todas as terapias, e de forma inmediata, a persoa que sofre un ictus, terá diferentes niveis de atención segundo a área sanitaria á que pertenza no noso país. Galiza é un exemplo de mala xestión na atención a estes pacientes. Durante o ingreso, non todas/os as/os pacientes teñen asegurada a atención especializada e trala alta hospitalaria, o acceso ás terapias tamén é desigual.

O ideal non é sempre a realidade que nos ofrece o noso entorno, pero ter coñecementos tamén axuda a que se reclame o que é mellor para todas as persoas e cantas máis reclamacións se xeren, máis probable será que se fornezan os recursos necesarios, para pasar do ideal a unha realidade óptima.

Cristina Fernández

Corazón de tinta
Alumnado do IES de Melide

Os refuxiados e os migrantes

A recente chegada de máis de cen refuxiados ao municipio de Monterroso abre novamente o debate sobre a inmigración na nosa contorna. Neste sentido, a min parécenme moi inxustas todas as falsas informacións que hai sobre os refuxiados e os inmigrantes: que se non traballan, que se veñen a quitarlle o traballo aos de aquí, que se rouban... Todo isto difúndeno medios de ultradereita que o que queren é amedrentar a xente para que crea que van vir conquistar o país ou algo así.

Eses bulos non son reais, porque haberá algunha persoa que si que rouba pero será por necesidade, xa que se eu fose nai e os meus fillos non tivesen que comer intentaría facer o que fose. Mais porque un roube xa din que todos rouban e que ningún traballa. E o peor é que xeración tras xeración vaise reproducindo este discurso e así sempre haberá racismo.

Gustaríame que a xente que di isto entendese que as persoas non marchan do seu país porque queren, nin deixan atrás todo o que coñecen -familia, amigos...- querendo. É porque non teñen outra alternativa. Eu póñome na pel desas familias e de verdade que o paso mal, porque é tan duro ter que vir nunha pateira e non saber o que che vai pasar nin se volverás ver a túa nai... Nunca llo desexarei a ninguén.

Meus avós paternos tiveron que emigrar a Londres deixando a meu pai acabado de nacer cos seus avós. Non puideron ver como dixo as súas primeiras palabras, ou como medrou. Tamén o irmán da miña avoa materna marchou con só 17 anos para o Brasil, onde morreu aos 65 sen volver ver a súa familia. Digo isto porque os galegos, sobre todo na época de Franco, tiveron que emigrar porque non tiñan que comer; e puideron marchar legal ou ilegalmente e conseguir traballo. Pero cando agora son outros os necesitados hai quen non os acepta.

En conclusión, gustaríame atopar unha solución que funcione e que o goberno axude a que haxa máis postos de traballo para a xente inmigrante ou refuxiada. Só desexo que algún día todos os países sexan iguais e que mentres iso non sexa posible, polo menos, se acepten e traten mellor aos que chegan ao noso.

Aroa Roca Cagide
Alumna de 2º ESO do IES de Melide

Aberta a matrícula para a 3ª quenda da formación de Capacitación Dixital

Un mestre nunha aula de informática co seu alumnado adulto. / Foto: iStock

Aberto o prazo de matrícula para a 3ª quenda da formación de Capacitación Dixital, organizado no IES de Melide.

Este curso está destinado a público adulto que queira ampliar os seus coñecementos nas novas tecnoloxías.

A formación realizarase no Centro de Educación Secundaria da vila, entre o 18 e o 29 de novembro de 16:00 a 19:00 horas. O tempo total de duración deste curso é de 30 horas.

Para anotarse é preciso acudir ao IES ou chamar ao 881 86 61 115, ou a través do correo electrónico ies.melide@edu.xunta.gal, antes deste venres 15 de novembro.

Os obxectivos desta aula son: aplicar tecnoloxías habilitadoras dixitais para a xestión de dispositivos, datos e contidos no eido profesional.

Algúns dos contidos que se tratarán son: buscar información en internet, protexer os nosos datos persoais, coñecer e detectar ameazas nas redes sociais, correo electrónico e crear ou editar recursos dixitais.

150 persoas participaron na marcha contra o cancro

Varias persoas participantes na Andaina de Melide. / Foto: A.E.C. Cancro

Na mañá do pasado 26 de outubro, 150 persoas participaron na Andaina Solidaria organizada pola Asociación Española Contra o Cancro en Melide.

Todo o recadado nesta iniciativa destinarase integramente a manter os programas e servizos gratuítos da Asociación, como a atención social, psicolóxica, fisioterapia ou logopedia, entre outros.

As persoas que precisen algúns dos servizos desta entidade poden chamar ao: 900 100 036.

Os melidaos Xesús Ferreiro e Javier Anido gañadores do Rallye Rías Altas

O piloto Xesús Ferreiro e o copiloto Xavier Anido xunto o seu vehículo nunha competición. / Foto: Scratch

Os melidaos Xesús Ferreiro e Javier Anido, coa axuda do seu Ford Escort MKII, acadan o 1º posto do podio no Rallye Rías Altas Histórico na categoría de Pre81, última proba do Campionato de España de Rallyes de Vehículos Históricos.

Con este bo sabor de boca da vitoria, Ferreiro afirmou logo da carreira: "foi un Rally interesante e ao mesmo tempo complicado, aínda que estivo tempo seco había zonas complicadas con humidades. Ao final saíunos todo ben, non cometemos ningún erro e estamos moi contentos de gañar na casa".

Ademais, o piloto aproveitou para agradecerlle o seu traballo a organización, a cal denominou "de 10, nótase que é xente que fai moitos rallyes".

O Multiusos da vila acolle o Centro de Atención Temperá

As instalacións do Edificio Multiusos do municipio. / Foto de arquivo

As instalacións do Multiusos de Melide acollen os servizos do Centro de Atención Temperá.

No espazo do Viveiro de Empresas, a Administración local vén de habilitar a zona para os usuarios e usuarias deste servizo, así como para todas as profesionais que o compoñen.

O Centro de Atención Temperá ofrécelle atención, de xeito totalmente gratuíto, ás crianzas de 0 a 6 anos dos municipios de: Santiso, Toques, Vilasantar, Arzúa e Melide.

O Cruceiro máis antigo de Galicia regresa á localidade melidense

Unha traballadora do taller de restauración dando os últimos retoques ao Cruceiro. / Foto: Concello de Melide

Logo de máis de 90 días, o Cruceiro máis antigo de Galicia, datado do século XIV, regresa a Melide totalmente restaurado para o desfrute visual da veciñanza e visitantes que se acheguen por xunto a Capela de San Roque.

Dende o Museo da Terra de Melide, entidade que supervisou e axudou neste proceso, sinalan a intervención no Cruceiro, referíndose aos elementos patrimoniais, como "exemplar, óptima e de dez. Cando dicimos que o de exemplar é porque consideramos que a actuación nos bens históricos foi coidadosa, esmerada e respectuosa".

Algunha das melloras realizadas con estes traballos de restauración son: a cruz e o varal que foron sometidos a un proceso de limpeza manual, co que se eliminou a excesiva colonización de musgo e liques que impedían a correcta visualización da iconografía da cruz. A actuación no fuste non resultou complexa mais si o foi na cruz, onde se presentaban severas fracturas antigas, que de xeito inapropiado foran reparadas con cemento, con isto procedeuse á "eliminación do cemento e á realización adecuada dos enxertos mediante técnicas e materiais reversibles e inocuos", comenta o persoal do Museo.

A parte destas tarefas a máis cuestionada é a da base de dito cruceiro, nunhas primeiras valoracións dende o Museo sinálase que "o sistema de basamento e apoio, aínda sen rematar, seméllanos a simple vista demasiado chamativo e exacerbado". A base está formada por unha lousa de amplas dimensións. Porén, tal e como indica dende o Museo é importante deixar rematar os traballos para xulgar esta última parte.

Agora, unha vez finalizadas as tarefas de restauración e rehabilitación do Cruceiro máis antigo de Galicia tócalle a visitantes e, especialmente, veciñanza coidalo e poñelo en valor como un dos grandes tesouros históricos e patrimoniais da comarca.

Os Concellos de Melide e Santiso recoñecen a gran labor deportiva, no eido nacional e internacional, do alumnado de Escola Ayude

Os Concello de Melide e Santiso, celebraron un acto conxunto para recoñecer a gran labor deportiva que o alumnado da Escola Ayude realiza no eido nacional e internacional en disciplinas como: esgrima, kickboxing e boxeo.

En total, foron 21 os deportistas e técnicos desta entidade que recibiron das Administración locais este recoñecemento. Eles e elas son: Antía Suarez, Iago Suarez, Iara Parrado, Hugo Gil, Lia Mellid, Noelia Rey, Izan Parrado, Nora Segade, Naia Mato, Sergio López, César Carrera, David Sueiro, Aron Ayude, Nahum Ayude, Marcos Fernández, Carla Fernández, José A. Conde, Nusa Atma Indra, Ainoa Rouco, Alba Gil e os técnicos Cora e Jose Ayude.

Neste acto, con presenza do alcalde de Melide, José Manuel Pérez, e os concelleiros de deportes de Santiso e Melide, David Fernández Carril e Carmen Liñeira, destacaron a labor destes deportistas e dos seus técnicos que poñen o nome da comarca na cume do deporte galego. A maiores, animáronos a seguir traballando nesta liña para continuar a ser referentes de todos os mozos e mozas do cerne de Galicia.

Outro eido que os representantes das Administracións locais quixeron sinal é a labor social da Escola Ayude, dado que mantén un convenio de colaboración cos departamentos de asuntos sociais de ambos Concellos.

Ademais, os responsables de Escola Ayude comentaron que reciben un gran número de alumnado de diversa procedencia, exactamente de 12 municipios, "un feito insólito para unha escola do rural", comentan dende a entidade deportiva.

Deportistas e técnicos de Escola Ayude no Salón de Plenos do Concello cos representantes políticos. / Foto: Escola Ayude

No acto, Jose Ayude (responsable da entidade) quixo agradecer, no seu nome e no da Escola, este recoñecemento ao alumnado e ao entusiasmo amosado polos representantes das Administracións locais de Melide e Santiso e dixo estar cheo de orgullo por poder crear ocasións para unir, a través da práctica do deporte, unha mesma ilusión pola promoción do deporte entre as persoas máis novas.

"Dende o Concello traballamos para potenciar as nosas raíces"

- Dende o Concello de Melide lánzase durante todo o ano unha axenda cultural con actividades e iniciativas para todos os públicos, por que dirías que é importante que a cultura chegue ás vilas do rural?

- Mayka Basalo: Sempre fun da opinión de que a cultura ten que ser accesible para todos e todas e non por vivir nun municipio máis pequeno tes que perderte certas cousas. Entón, dende o departamento de Cultura intentamos poñer ao alcance da xente que vive en Melide e na contorna espectáculos. A maiores, a gran cantidade de actividades procuramos realizalas de xeito gratuíto ou cun custe moi reducido para que todos e todas poidan ter acceso á cultura.

Mayka Basalo, concelleira de Cultura e Educación do Concello de Melide, diante da Casa Consistorial. / Foto: Cerne

Persoalmente, creo que a cultura é unha das partes máis importantes e máis neste momento, na sociedade que vivimos. Traer espectáculos, obras de teatro ou musicais á vila implica un determinado custo pero cremos que é fundamental para que a poboación non teña necesidade de desprazarse e poder así desfrutar da cultura. Ademais, queremos ser tamén un referente nese sentido, a nivel comarcal, síntome moi orgullosa cando nos din: "jo é que en Melide tedes moitísima programación cultural", e é certo.

- Realizar toda esta axenda con actividades culturais implica un custo importante.

- M.B: Efectivamente, é moi custoso. Non obstante, contamos todos os anos con apoio da Deputación da Coruña para diferentes iniciativas como é a Foliada. Sen este tipo de axudas sería imposible como Concello abarcar toda esta programación. Entón intentamos xuntar todas as subvencións e axudas de entidades públicas cos nosos propios orzamentos para construír esta rede de cultura. Dende que gobernamos nós intentouse diversificar e ampliar a programación cultural. Dentro do noso calendario tamén é moi importante a conciliación, para iso creáronse os Campamentos de Nadal e os de Pascua. Obviamente, todo isto supón un custo para as arcas públicas pero nós vemos que recibimos un beneficio, non económico, moito maior. Non podemos esperar facer cultura para recadar cartos, ao final estas iniciativas teñen que servir para mellorar a vida da xente e darlles opción a poder ver certas cousas que doutro xeito non se podería. Obviamente temos que escoller porque todo non se pode pero intentamos diversificar e ampliar a inversión en cultura.

A maiores, procuramos colaborar moito ao longo do ano cos grupos e asociacións da contorna, dado que en Melide temos a gran fortuna de que as asociacións da vila fan moitísimas actividades, e isto axuda a enriquecer a axenda cultural. Algúns exemplos disto son: o Ciclo de Teatro Afeccionado de Charamela ou a Semana da Música, organizada pola Coral Polifónica de Melide.

- Como é o voso traballo de colaboración con estas asociacións?

- M.B: Temos un contacto moi estreito coas asociacións, cando queren organizar algo sempre nos chaman e poñemos en común os proxectos, especialmente para non solapar data e compaxinarnos. Logo, tamén temos unhas subvencións nominativas nas que o Concello aporta unha cuantía económica a estas entidades para que poidan seguir a realizar o seu traballo en diferentes ámbitos, polo tanto colaboramos tamén no eido económico. A maiores, cedemos os espazos públicos, como o Centro Sociocultural Mingos de Pita ou a instalación de carpas, para realizar estas actividades.

- Antes de feito mencionaches a Foliada, un dos grandes éxitos culturais da vila, cal é o seu segrego?

- M.B: Creo que hai varios aspectos que constitúen o éxito da Foliada porque resumilo só nun seria desmerecer un pouco o evento. É unha festa moi transversal en idades, entón abarca un público moi amplo. O bonito da Foliada é que podes ver aos avós cos netos, é un evento para todos, moi inclusivo. Outro aspecto importante, é que cando a Asociación O Castelo creou a Foliada foi das primeiras que se fixeron e era un xantar popular. Logo, a colaboración da veciñanza é imprescindible. Hai moitas partes da Foliada que aglutinan a moita xente, é unha festa á que non só asiste a poboación de Melide tamén o fan persoas doutros concellos galegos e de fóra das nosas fronteiras. A Foliada, co paso do tempo, foise gañando á cidadanía e agora xa é parte de nós e sentímonos orgullosas dela.

- Outra parte importante da nosa cultura é o galego, as últimas enquisas que se publicaron non son nada positivas, que se pode facer dende a Administración local para promover a nosa lingua?

- M.B: Dende o Concello facemos de xeito conxunto cos centros educativos diversas actividades como. por exemplo o Día da Biblioteca, actividades sempre en galego. Intentamos colaborar moi de preto coas escolas para ofrecerlle ao alumnado espectáculos na nosa lingua durante todo o ano. Logo, dende o departamento de Normalización Lingüística estamos preparando un pequeno manual e uns cursos para intentar axudar aos migrantes a integrarse na vida do municipio e que poidan aprender o galego. Ademais, imos retomar en breve o Ciclo Cultural Literatura no Camiño coa presenza de novos autores e autoras e obras.

- Por que é importante que dende as institucións públicas se promovan actividades tradicionais como o Magosto ou o Entroido?

- M.B: Creo que co tempo estamos perdendo as nosas raíces e é moi triste que nos esquezamos das nosas tradicións e valores. Ao final chegará un momento no que se nós non mantemos no tempo esas tradicións acabaranse perdendo. Dende o Concello traballamos para potenciar as nosas raíces, xa sexan actividades, como o Magosto, ou a propia lingua. Sempre temos algún motivo de celebración rodeando a nosa tradición. A labor das Administracións públicas e que isto perdure no tempo.

#MercaenMelide #MelideDestino #DomingosdeMelide
Mercado Alimentos
Melide destino

CABBERT HORMIGONES, S.L

Planta: **667 487 964**
Oficina: **667 487 965**
15800 MELIDE, A CORUÑA

BOMBEOS CABADO

Móvil: **667 487 965** - 15800 MELIDE, A CORUÑA
www.bombeoscabado.com
trini@bombeoscabado.com

NUTRIPOR

NUTRIMENTOS PORCINOS, S.A.

Fabricación e comercialización de penso para animais. Elaboración de penso para animais de granxa.
Porcino e vacuno.

Polígono Industrial da Madanela, parcelas 18-19
MELIDE - 15800 (A CORUÑA)
Teléfono: 981 50 64 70
Fax: 981 50 64 71
administracion@nutriporsa.com

TRANSPORTES SIERRA

Transporte de vehículos nuevos y usados por Europa

Parque Empresarial A Madanela, nave 79-80
Melide (15800) - A Coruña
Teléfono: 610 52 34 50
transierra.es

TRANSPORTES J. ZAS

trzas@hotmail.es / Tlf. 649 876 451
LUGO

TRANSPORTE DE ANIMALES VIVOS

Santiso acolle unha xornada de formación contra a violencia machista

Persoas asistentes á xornada de formación contra a violencia de xénero en Santiso. / Foto: Delegación do Goberno

O concello de Santiso acolle unha xornada de formación contra a violencia de xénero, organizada pola Asociación de Mulleres Rurais de toda Galicia para usuarios e usuarias da Asociación de mulleres rurais deste municipio.

Nesta actividade interviron: Berta Sanguiao Taboada (presidenta de Amurusa), Verónica Marcos Arrojo (presidenta de FADEMUR Galicia), Manuel Adán López (alcalde de Santiso), María Rivas López (subdelegada do Goberno da Coruña), Adrián Manuel Gonçalvez Barbosa (responsable do CIM de Arzúa), Miguel A. Mosquera Otero (cabo 1º do equipo Vioxen da Unidade de Santiago de Compostela) e Manuela Vilaboy Romero (xefa da área da unidade contra a violencia de xénero da subdelegación do Goberno na Coruña).

Na apertura do acto, o alcalde fixo fincapé na necesidade de realizar este tipo de formacións: "foros coma estes son máis necesarios ca nunca, vese claro nos mediáticos casos que coñecemos nas últimas semanas". A maiores, Manuel Adán tamén destacou a importancia do tecido asociativo do concello, "Santiso conta cun gran servizo asociativo a través, entre outras entidades, da Asociación de Mulleres Rurais. Dende a Administración temos que pedir desculpas porque ás veces non damos chegado a todo pero valoramos moito o traballo desta Asociación e queremos animar a que se sigan facendo actividades coma esta".

A presidenta de FADEMUR - Galicia, sinalou: "o que importa é que todos e todas teñades información e recursos para saber que a violencia de xénero ten saída".

Logo, a Subdelegada do Goberno comentou algún dos recursos á disposición das mulleres vítimas de violencia machista como o CIM, a Garda Civil, a APP Alertcops ou o número 016 (que non deixa rexistro na factura).

Unha das ferramentas máis próximas ás vítimas son os Centros de Información á Muller. No caso de Santiso, correspóndelles o de Arzúa, o responsable deste centro fixo fincapé en "é un recurso permanente para mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas vertentes. Neste espazo hai 3 persoas: unha psicóloga, unha asesora xurídica e eu que son técnico de igualdade. Os nosos principios son os de confidencialidade, gratuidade, respecto ás decisións das vítimas e de coordinación con outras entidades para despregar os recursos necesarios".

C/ RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE · 981 506 097 (E-15001259)

ALAIN AFFLELOU

Pide tu cita
afflelou.es

Os novos Centros de Día de Toques e Sobrado contarán con 25 prazas

Os alcaldes de Sobrado e Toques coa Conselleira. / Foto: Xunta de Galicia

O alcalde de Toques, José Ángel Penas, o de Sobrado, Luís Lisardo Santos, e a conselleira de Política Social, Fabiola García, firmaron o convenio para a creación de dous Centros de Día, cada un con 25 prazas. Esta firma produciuse na presentación do Plan de inversións para a construción, reforma ou ampliación de centros de maiores de titularidade municipal na provincia da Coruña.

Para facer realidade o Centro de Día de Sobrado destinaranse 348.000 euros e no de Toques 283.000 euros. Cada unha destas instalacións, de atención diúrna, terá capacidade para 25 persoas. A conselleira recordou que este Plan forma parte dun acordo de colaboración iniciado fai 2 anos coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar a atención aos maiores nas áreas máis pequenas e rurais de Galicia.

Logo da firma dos convenios, Fabiola García, agradeceu aos seus rexedores o seu compromiso para dotar aos seus concellos con servizos sociais útiles, eficaces e de proximidade, e deulles os parabéns por ter unha especial sensibilidade de cara as políticas sociais. A maiores, garantiu que "sempre teredes a man tendida da Xunta para seguir, como ata agora, coordinados e traballando coa mirada posta na mellora dos vosos veciños e veciñas".

Créase en Sobrado un novo Grupo de Protección Civil

Voluntaria de Protección Civil, como as que haberá en Sobrado. / Foto: iStock

O Concello de Sobrado avanza na creación dunha Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil.

As persoas interesadas en ser voluntarias desta nova entidade ou participar nalgunha das súas actividades deben acudir á Casa Consistorial do municipio para realizar os trámites necesarios. Este prazo de inscrición para as voluntarias e voluntarios permanecerá aberto de xeito indefinido para que a veciñanza poida colaborar sempre que queira e poida nesta iniciativa da Administración local.

Os Segadores da Órrea o sábado 30 en Visantoña

Cartel do anuncio da proxección do documental en Visantoña/ Foto: C. Santiso

A historia dos Segadores da Órrea (parroquia de Riotorto) chega, a través dun documental, o vindeiro sábado 30 de novembro a Visantoña (Santiso).

A peza audiovisual nárrana 31 homes e mulleres que o viviron en primeira persoa esta historia e durante a presentación interpretaranse algúns cantares de seitura.

A proxección será na Casa da Cultura de Visantoña ás 20:00h.

Toques participou no Congreso Europeo dos GDR celebrado en outubro en Francia

José Ángel Penas, alcalde de Toques, en Francia. / Foto: Concello de Toques

O alcalde de Toques, en representación do seu concello, participou no II Congreso Europeo dos Grupos de Desenvolvemento Rural celebrado a principios de outubro na localidade de Pottier (Francia).

Esta actividade acolleu a máis de 300 participantes de toda a Unión Europea, entre grupos LEADER, redes territoriais, representantes da Comisión Europea e diversas entidades do medio rural europeo, como é o caso do municipio de Toques.

Grazas a esta iniciativa os distintos participantes puideron poñer en común visións e intereses do eido rural, compartir propostas de colaboración e atopar posibles socios para a posta en marcha de proxectos de cooperación, esta última verba foi o lema escolmado para este Congreso en Francia.

Nesta actividade, organizada pola Asociación Europea LEADER para o desenvolvemento rural, entregáronse os galardóns que premian os proxectos de cooperación no ámbito rural. Nesta ocasión, o que máis votos populares obtivo foi "Tierra Minera", no que se pon en valor e intenta aproveitar o patrimonio mineiro nos seus territorios principais: Andalucía, Aragón e Castela a Mancha.

A Xunta lanza o Bono Emancípate para persoas menores de 36 anos

A Xunta de Galicia lanza o Bono Emancípate para persoas traballadoras menores de 36 anos.

O obxectivo desta iniciativa é que "a xuventude acceda a unha axuda económica para poñer en marcha o seu fogar propio afrontando os primeiros gastos, como poder ser o mobiliario", explica José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude. Este bono foi presentado nunha reunión con mozos e mozas na Coruña, onde as persoas asistentes aportaron as súas experiencias e preocupacións sobre as dificultades á hora de independizarse.

Cartel informativo sobre o Bono Emancípate. / Foto: Xunta de Galicia

Co Bono Emancípate, as persoas de entre 18 e 35 anos que teñan unha fonte de ingresos e cumpran certos requisitos terán a posibilidade de acceder a esta axuda no momento de comezar a vivir nun inmoble como arrendatarias ou propietarias. Este apoio vai destinado á adquisición de mobiliario, diversos artigos do fogar como a decoración, obxectos de baño ou téxtil, ademais de certos electrodomésticos esenciais.

Con esta liña, no caso de vivir de arrendatarias, as persoas que resulten beneficiarias recibirán 1.500 euros, mentres que as que soliciten a axuda no proceso de adquirir unha vivenda propia recibirán a cantidade de 3.000 euros.

Esta medida está contemplada dentro dos orzamentos do ano 2025, polo que aínda non está vixente.

Santiso festexou a súa Romaría Viva contra Altri

Participantes e membros da Plataforma na Romaría Viva. / Foto: Ulloa Viva

O colectivo Santiso Vivo, da plataforma Ulloa Viva festexou o pasado sábado no pavillón de Visantoña unha Romaría Viva na que participaron centos de persoas.

Nesta xornada, a presidenta da Plataforma fixo un chamamento a participar masivamente na "histórica manifestación" convocada por Ulloa Viva e a PDRA o vindeiro 15 de decembro en Compostela. Gontá explicou en Santiso que "unidos como pobo pararemos a macrocelulosa coa que Altri-Greenalia e a Xunta queren cambiar o noso modo de vida".

Prazo aberto para unirse ao Xuntos polo Nadal

Varias persoas maiores nunha cea como as da iniciativa. / Foto de arquivo

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, abre o prazo para solicitar a participación na nova edición da iniciativa social Xuntos polo Nadal.

A iniciativa Xuntos no Nadal ofrece en total unhas 270 prazas para toda Galicia.

Este programa realizarase dende o 24 de decembro ata o 7 de xaneiro de 2025.

O Mercado de Nadal do CEIP de Toques celebrarase o vindeiro 6 de decembro



Parte do cartel publicitario do III Mercado de Nadal. / Foto: ANPA CEIP Toques

A ANPA do CEIP de Toques organiza o seu tradicional Mercado de Nadal o 6 de decembro no Pavillón do Souto.

A gran novidade deste ano é que se celebrará durante todo o día e será "moito máis ca unha exposición de artesanía, decoración e adornos de Nadal", afirman as responsables da ANPA.

Este ano, as organizadoras teñen preparada unha programación cunha chea de propostas lúdicas, deportivas e de lecer que buscan dar ocio durante a xornada a toda a familia, e ofrecer unha alternativa para un día festivo ás familias da comarca, a quen estará aberto o Mercado.

Ademais dos traballos artesáns nos que xa están traballando as familias "toquiñas", "tamén haberá xogos, inchables, actuacións culturais e musicais, unha zona de cantina para repoñer forzas e un torneo de fútbol no que poderán inscribirse todos os nenos e nenas de toda a comarca", comentan dende a ANPA do CEIP de Toques.

Toda a programación que se enmarca no III Mercado da ANPA da escola de Toques irase dando a coñecer a través do perfil de Facebook da entidade.

Soqui Cea publicará o estudo "O galego, lingua esquecida nos nosos cemiterios", sobre o uso do noso idioma nestes espazos

O uso do galego leva tempo preocupando a gran parte dos, cada vez menos, falantes. As diversas enquisas publicadas afirman que a lingua galega xa non é a habitual en boa parte da mocidade e as xeracións máis vellas, as que maioritariamente se expresas na nosa lingua, van desaparecendo.

Sobre os diversos usos do galego hai diversos estudos pero, neste Cerne imos facer unha pausa na última parada, no lugar das despedidas, os cemiterios. Para coñecer mellor o emprego da lingua galega nestes espazos, a melidá Socorro Cea Vázquez realizou un traballo que verá a luz en decembro no Boletín do Museo da vila.

A autora escribe este estudo "preocupada dende vello pola mala situación da nosa lingua" e considerou interesante "prestar atención ás lápidas e placas dos nosos cemiterios para saber cal era presenza, ou non, da lingua galega no derradeiro fogar dos nosos seres queridos". Por fortuna, a comarca da Terra de Melide é un especie de refuxio para para o noso idioma, dado que sigue sendo de uso maioritario. Isto deberíase traducir tamén nos cemiterios da nosa zona pero, é esa a conclusión á que chegou Soqui?

Socorro Cea, autora deste estudo sobre o uso do galego nos cemiterios, xunto a uns panteóns no Castelo. / Foto: Socorro Cea

Para contextualizar o tema, a escritora melidá fai un pequeno repaso pola historia: "houbo un tempo que era habitual atopar protocolos notariais escritos en galego pero, a partires do século XVI, foron substituídos pola prosa notarial en castelán. Pasaron xa 500 anos e a situación non mudou moito. O mesmo aconteceu coa Igrexa e con todos os actos litúrxicos onde se nos impuxo o castelán." Na actualidade, a maioría dos fregueses e freguesas escoitan as misas, así como as oracións en castelán a pesares de ser eles e elas galego falantes. É curioso que nunha contorna con uso maioritario da nosa lingua teñamos tan normalizado o uso do castelán nos actos de fe. Apesares de que, tal e como afirma o estudo de Soqui Cea "dende hai anos contamos cun misal galego e todos os libros para os funerais en galego, pero cómpre vontade para usalos e mudar do castelán ao galego". Por que os sacerdotes da Igrexa dan por sentado que é o castelán o idioma desexado para este tipo de eventos? Por que teñen que ser as familias, no caso de actos como funerais ou bautizos, os que expresen o seu desexo de querelo en galego e non se dá por feito ao ser a súa lingua habitual?

"Temos que recoñecer, mal que nos pese, que somos un país con lingua propia que segue despedindo en castelán a homes e mulleres que tiveron o galego como lingua propia durante toda a súa vida. Por que persoas que sempre falaron o galego son lembradas cunha lápida en castelán? Que podemos facer para cambiar ese mal costume de excluír o galego de todo o relacionado coa morte? Penso que escoller a lingua que mellor representa aos nosos familiares é unha mostra máis de respecto e agarimo cara a eles na derradeira estación das súas vidas", sinala no traballo a autora melidá.

A semente para a creación deste estudo foron os *XXIV e XXVI Encontros de Normalización Lingüística*, organizados polo Consello da Cultura Galega e celebrados en Santiago de Compostela nos anos 2022 e 2024, respectivamente. "No primeiro encontro coñecín en persoa Bernardo Penabade e o seu Modelo Burela e admirei a súa teima por defender o galego, neste caso, traballando por aumentar a presenza da nosa lingua nos diversos actos de honra aos nosos defuntos. Inspirada polo encomiable labor de Bernardo Penabade, comecei esta tarefa a comezos deste ano", comenta Soqui Cea.

Practicamente un ano de traballo de campo, nos Cemiterios de Furelos (o municipal) e O Castelo para conseguir o que a propia autora define como "preocupantes datos": O Castelo, o máis antigo, inaugurado no 1845 contén 497 panteóns e 10 sepulturas, das cales só o 12% está en galego, en Furelos a situación é, se cabe aínda máis preocupante, dado que dos 500 panteóns unicamente 5,2% están na nosa lingua. No total en Melide hai 88 panteóns en galego, o que supón o 8,7%.

No caso das placas e inscricións, o panorama é moi semellante, O Castelo conta con 1.387 e 98 (7%) en lingua galega e no de Furelos 352 e 31 (8,8).

"Oxalá este humilde traballo de investigación, que reflicte a presenza do galego nun escaso 9% de panteóns e placas, sirva para facer unha reflexión colectiva que nos anime a dar paso á lingua galega nos nosos cemiterios para que, á volta duns anos, teña unha maior presenza", comenta a autora.

Esta situación non é illada, nas investigacións realizadas en 142 camposantos galegos, presentadas polo Consello da Cultura Galega o pasado outubro, reflíctese que o municipio á cabeza é Rianxo, 21% de lápidas en lingua galega.

Con estes datos na man e "na grave situación en que se atopa a nosa lingua na actualidade é de agradecer que todas e todos nós fagamos algo por ela. Non podemos renegar do patrimonio do pobo, do tesouro máis prezado que herdamos dos nosos devanceiros. Lembremos, cando teñamos que despedir un ser querido, que temos unha lingua propia", fai fincapé a mestra melidá.

Para rematar, dende o Cerne queremos agradecer a Soqui Cea a súa xenerosidade por quere compartir este traballo co xornal da comarca.

A Semana da Música da comarca da Terra de Melide volve encher o mes de novembro de diversas actuacións musicais

A Banda - Escola de Música de Visantoña, participantes na XXXIV edición da Semana da Música da Terra de Melide, nunha actuación no Centro Sociocultural Mingos de Pita da vila. / Foto de arquivo

Un ano máis, e xa van 34, os membros da Coral Polifónica de Melide organiza a tradicional Semana da Música da Terra de Melide que volve encher o mes de novembro de diversas actuacións musicais.

O Centro Sociocultural Mingos de Pita será o escenario que acolla durante estas semanas os 17 artistas e agrupacións desta actividade que se converteu nun imprescindible para o municipio.

O fin de semana pasado os espectadores e espectadoras xa puideron desfrutar dos concertos dos Gaiteiros do Balado, Os Melidaos, Fol da Chousa e da Asociación A Maristela de Sobrado.

Este sábado é a quenda das cantantes melidás Irene Ruíz e Nadia Sniba e do alumnado do Conservatorio Profesional da vila.

O domingo, 17 de novembro, o auditorio gozará da música de Os do Medio, Herba Grileira e a Banda-Escola de Música de Visantoña.

A continuación, o sábado 23 a Coral Polifónica de Santiso, A Bandiña de Melide, Suso Ascariz e Carlos Fernández poñerán a melodía desa xornada.

Para rematar con bo sabor, o domingo 24 os grupos Pozo Pequeno e Froito Novo, así como a Coral Polifónica de Melide actuarán para despedir ao público da Semana da Música.

Esta iniciativa musical é unha das grandes referentes, xa son só a nivel comarcal senón tamén autonómico, non é sinxelo organizar de xeito ininterrompido durante máis de 30 anos unha actividade como a Semana da Música. Este tipo de iniciativas implican moito traballo por parte das persoas organizadoras, neste caso os membros da Coral Polifónica de Melide, e a disposición dos músicos e músicas da comarca.

Como en todas as edicións, os concertos son totalmente gratuítos e dende a Coral Polifónica convidan a toda a veciñanza da localidade melidá e de concellos veciños a acudir a estas xornadas de música.

A zona da Terra de Melide é unha das máis frutíferas no eido musical en diversos tipos, tanto na tradicional como na clásica, exemplo disto son grupos como Herba Grileira ou o Conservatorio da localidade, ambas entidades contan con decenas de alumnado de todas as idades.

Por outro lado, na comarca hai grupos de longa e recoñecida traxectoria como a Banda de Música de Visantoña, con máis de 130 anos de historia, é considerada como unha das máis antigas de Galicia. De feito, a pesares de vivir épocas como a Guerra Civil, momento no que estas agrupacións estaban prohibidas, en ningún intre pararon a súa actividade. Ademais, esta formación sempre foi un referente de grandes músicos, é máis, no 1907 algúns compoñentes da Banda de Música da Visantoña participaron na Habana (Cuba) na estrea internacional do himno galego. Na actualidade continúa formando a novos artistas na súa sede na parroquia de Visantoña (Santiso).

Outra das grandes agrupacións da comarca é Froito Novo, un grupo melidense con máis de 50 anos en activo. Todo comezou cun grupo de nenos e nenas que da man do ilustre gaiteiro e membro dos Garceiras, Gabriel Mato, aprenderon a tocar a gaita. Froito Novo non só é recoñecido a nivel galego senón que tamén a nivel nacional, algunhas das súas actuacións pasaron por cidades como Barcelona ou Madrid, e por países como Francia, Inglaterra, Polonia ou Suíza. Un dos grandes recoñecementos deste grupo é a Medalla de Ouro de Melide no ano 2014.

A Banda de Música de Visantoña e Froito Novo son só dous exemplos do talento e paixón que hai na comarca da Terra de Melide pola música, ao igual que Herba Grileira, A Maristela de Sobrado ou o Conservatorio Profesional de Música amosan que o relevo xeracional está garantido. A maiores, a gran afluencia de público durante as actuacións da Semana da Música fai ver o forte seguimento da veciñanza a todas as agrupacións e solistas que participan nesta iniciativa.

O TRADICIONAL QUEIXO GALEGO

Prioridade 3, medida 3.2

DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA
Arzúa Ulloa

Queixo Arzúa-Ulloa

Suave. Cremoso. Nutritivo

DENOMINACIÓN DE ORIGEN PROTEGIDA

Certificado pola Denominación de Orixe Protexida

XUNTA DE GALICIA
FEADER Europa inviste no rural
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

@ArzuaUlloaDOP
@arzuaulloadop
queixo@arzua-ulloa.org
Tfno.: 981 50 76 53

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón **Legumbres**

Bacalao **Vinos** **Licores**

Gran surtido en cestas de Navidad y baúles

Regalos navideños con produtos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE
Teléfono e fax: 981 50 51 03
casajuanito1910@gmail.com

ANTONIO MÉNDEZ ROMERO, ZAPATERÍAS ROMERO

"Romero Zapaterías é unha tenda innovadora con gran variedade de calzado para home e muller"

- Que ofrecedes no voso comercio local?

- Antonio Méndez: Romero Zapaterías é unha tenda innovadora, onde buscamos que a clientela teña a maior variedade posible de zapatos. A maiores, estamos a incorporar marcas moi novidosas no mercado que están demandando os consumidores e, por outra banda, a fabricación propia.

- Fabricades todo tipo de calzado?

- A.M: A familia Romero é un dos comercios máis lonxevos que hai en Melide, creo que o que máis anos leva aberto de xeito consecutivo, dende 1895. De feito, temos as escrituras do negocio desde antes, como se fundou Romero Zapaterías, Romero Calzados e Calzados A Confianza. O noso primeiro nome en ser rexistrado foi este último e data do 1950, logo Romero como fabricante de calzado e curtidos está dende 1940.

Antonio Méndez Romero, xerente de Romero Zapaterías, no seu establecemento en Melide. / Foto: Cerne

- Como se sinte un ao rexentar un negocio familiar con tantos anos de historia?

- A.M: A familia Romero sempre se dedicou ao mundo do calzado e os curtidos, deixou se fabricar na década dos 80 e volvemos recuperala no ano 2008. Este proxecto naceu con meu bisavó que xa se dedicaba tamén a este sector, logo pasou a meus avós, despois a meus tíos e pais, e agora sigo eu.

- Cales dirías que son as vantaxes de mercar en Romero Zapaterías?

- A.M: A parte da calidade, que sempre nos demanda a clientela, a innovación nos zapatos e o prezo.

- En que se traduce esa innovación no calzado?

- A.M: Tradúcese na utilización de materiais reciclados e de zapatos con prestacións para camiñar, así como para o coidado dos pés. Somos, en Galicia, un dos que máis variedade tempos de calzado de muller e home. E estamos nunha vila, apostamos polo rural.

- Como enfocas ter un negocio nunha localidade pequena como é Melide?

- A.M: A verdade é que eu son un ilusionista. No meu caso, antes de rexentar Romero Zapaterías dedicábame a outra cousa, dado que na nosa familia temos moi diversificados os negocios e o tema de zapatos e tendas é mínimo. Non obstante, o de regresar ao rural pois foi unha das cousas que máis me gustou e na que apostei dende o momento no que tomei as rendas dos negocios familiares no 2007.

- Notas moita diferenza no xeito de consumo e comercio de cando te puxeches a fronte de Romero Zapaterías á actualidade?

- A.M: Cambiou o sector, a sociedade e mentalidade de compra. Sempre digo, o mundo dos negocios dende fai 10 anos houbo unha revolución, primeiro na moda téxtil e despois nos zapatos. Este cambio na maneira de xestionar produciuse a 180 graos, a día de hoxe ou eres grande ou telo moi complexo. Nós competimos con centros comerciais moi grandes e con empresas multinacionais do calzado.

- Cal é a clave para que a xente siga a apostar por mercar nos comercios locais como o voso?

- A.M: Digamos que os zapatos teñen un nome na comarca. Nós temos unha área de influencia moi grande na zona que abarca a comarca de Melide, Arzúa, Friol, a Ulloa, asóciase aos zapatos da familia Romero. Isto conséguese con seriedade, palabra e humildade.

- Agora a clientela decántase, á hora de mercar, máis polo prezo ou pola calidade do artigo?

- A.M: Hai clientela de todos os ámbitos, a que vén na busca duns prezos máis económicos e outra que se fixa máis na calidade. Nós temos este abano de posibilidades no que entran os dous tipos de clientes e clientas. Contamos con máis de 600 referencias en muller e 400 en home. Somos a maior tenda de calzado, nin en Santiago, nin en Coruña, en Melide. O que non se poida comprar en Romero é que non o hai.

- Vendedes calzado en liña?

- A.M: Polo momento, só a través das redes sociais. Non obstante, nun futuro haberá novas vías de negocio.

- Cres que as redes son un bo escaparate?

- A.M: O mellor escaparate é o teu nome, a seguridade, honestidade e humildade.

- Fai máis o boca a boca de publicidade que calquera outro medio?

- A.M: Si. Ti pregúntaslle a calquera de todas as comarcas próximas, se tivera que dicir unha tenda de referencia e dirían Romero. Isto é froito do traballo e da constancia de moitos anos, de traballar día e noite.

- En tantos anos é común que un negocio teña subidas e baixas, como se afrontan especialmente estas últimas?

- A.M: Con traballo, nós saímos da COVID-19 reforzados e fomos das poucas empresas que non tivemos que facer un Expediente de Regulación de Emprego e aí seguimos.

- A COVID tamén supuxo un cambio na mentalidade comercial?

- A.M: Non, iso produciuse moito antes, hai como 10 anos.

As vilas vanse quedar sen tendas. Á volta da esquina non van quedar. Nós aguantaremos porque estamos metidos en diferentes sectores pero tal e como está a comarca e o municipio... O único que se ve cada día son baixos con carteis de "véndese" ou "alúgase". Por iso temos que apostar polo tema industrial para fixar poboación no rural.

- Cal é logo a solución?

- A.M: Postos de emprego. Canta máis oferta de traballo tivésesmos na comarca máis xeraríamos un sector servizos e comercial forte.

- É fácil atopar persoal para traballar?

- A.M: No pero agora non é sinxelo atopar persoal para ningún emprego.

Romero Zapaterías
Ronda da Coruña, 29
Melide (A Coruña)
Tlf: 981 50 53 56

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora